

**CONCURSO PARA O “DESEÑO DA MASCOTA DA BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL DE
PONTEDEUME “POETA RAMIRO FONTE “**

Convócase o concurso para o deseño da mascota da Biblioteca Pública Municipal do Concello de Ponte deume “Poeta Ramiro Fonte”.

REQUISITOS

- Poderán participar todos os nenos e nenas ata os 14 anos de idade, podendo entregar un máximo de un deseño por persoa.
- O deseño será dun personaxe ao que lle guste vivir entre libros, e que queira gozar de mil e unha aventuras.
- Debe ser orixinal e non copia doutras imaxes existentes, caso no que a biblioteca reservaríase o dereito de descartalo..

FORMA, LUGAR E PRAZO DE ENTREGA

- Os deseños entregaranse na Biblioteca Municipal de Ponte deume “Poeta Ramiro Fonte”, ata o venres 24 de novembro incluído.
- Deben estar feitos en papel ou cartolina branca tamaño a4 nun sobre pechado. Nese mesmo sobre, irá unha nota co nome e apelidos, e a idade do autor ou autora.

VOTACIÓN E FALLO

- Todos os deseños serán expostos na sala infantil da biblioteca para a súa votación entre os usuarios por medio de papeletas numeradas, cas obras en anónimo.
- O gañador levará un agasallo, e o seu deseño convertirase na mascota da biblioteca, cedendo todos os dereitos de uso á mesma, puidendo facer as adaptacións e/ou modificacións que considere necesarias.

A PARTICIPACIÓN NESTE CONCURSO SUPÓN A TOTAL ACEPTACIÓN DAS BASES AQUÍ DESCRITAS

